

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 7 DE AGOSTO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00033883P.**

Aprobación da acta da sesión anterior

Apróbase a acta.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00017966F.**

Licenza obra maior de conservación e mantemento do edificio sito na rúa da Virxe da Cerca 15-16-17

Concédesse licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Carlos Romero Lage de data de visado do 10/04/2023, cun orzamento de execución material de 86.900,00 euros, obras de conservación e mantemento do edificio sito na rúa da Virxe da Cerca 15-16-17 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00031003A.**

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (4) emitidas pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela e das novas instalacións “Anexos” dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de cento setenta e cinco mil cento trinta e un euros con oitenta céntimos de euro (175.131,80 €) e que comeza pola número F/2023/629 por importe de 1.548,78 € e finaliza pola número F/2023/1122 por importe de 1.548,78 €, en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela e das novas instalacións “Anexos” dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos”, correspondentes aos meses de xaneiro e febreiro do 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

4. EDUCACIÓN. Referencia: **2023/00031002W.**

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento de débeda das facturas (2) emitidas pola entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE, en concepto de “Canon por prestación do servizo de conserxería, limpeza e control das instalacións dos CEIP dependentes do Concello de Santiago de Compostela e das novas instalacións “Anexos” dos centros de educación infantil e primaria Monte dos Postes e Roxos, correspondentes ao mes de marzo do 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de oitenta e sete mil cincocentos sesenta e cinco euros con noventa céntimos

de euro (87.565,90 €) a favor da entidade mercantil SERVICIOS CENTROS PÚBLICOS SANTIAGO DE COMPOSTELA UTE e correspondente ás facturas F/2023/1775 en concepto de “Canon por presentación do servizo, de conserxaría, limpeza e control das instalacións dos CEIP Marzo 2023” e F/2023/1778 en concepto de “Servizo limpeza nas novas instalación “anexos” dos centros de infantil e primaria de Monte dos Postes e Roxos. Marzo 2023”

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

5. ÁREA I. ÓRGANOS DE GOBERNO, ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERIOR. Referencia: **Validación omisión función interventora.**

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das seis facturas emitidas por varias empresas en concepto de subministración de gas e gasóleo para as distintas dependencias municipais correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SEIS MIL CATROCIENTOS QUINCE EUROS CON CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS (6.415,56 €), segundo relación contable de facturas S/2023/199 que se achega no expediente, e que comeza pola factura número F/2023/2429 por un importe de 20,98 euros emitida pola empresa Naturgy Iberia, S.A. (CIF núm. A08431090) e remata pola factura número F/2023/2621 por un importe de 1.840,00 euros emitida pola empresa Los Ángeles Gas, S.L (CIF núm. B15578289).

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo

6. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00019237J.**

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno do 24/07/2023, relativo á devolución de fianza do contrato de “Asistencia técnica consistente, na dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción do Centro Social de Fontiñas”.

Procédese á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da Administración local de data 24/07/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 24/07/2023 relativo á devolución de fianza do contrato de “Asistencia técnica consistente, na dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción do Centro Social de Fontiñas, de xeito que:

Onde di: “Autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa Ingeniería Civil, Energías alternativas y Acuicultura, SA. (ICEACSA), por importe de 1.370,31 euros (Ingreso en metálico, nº operación: 319990002968, nº Ref. Cont: 2023 31, para responder do contrato de “Asistencia técnica consistente, na dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción do Centro Social de Fontiñas.”.

Debe dicir: “Autorizar a cancelación do aval constituído en concepto de fianza definitiva pola empresa Ingeniería Civil, Energías alternativas y Acuicultura, SA. (ICEACSA), por importe de 1.370,31 € (228.000 pesetas), Avalista: Deutsche Bank, SAE, NIF.- A08000614, para responder do contrato de “Asistencia técnica consistente, na dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde das obras de construción

do Centro Social de Fontiñas, EXPTE. 51/1999.”

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00032978P.

Corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno do 17/07/2023, relativo ao desestimento do procedemento de adxudicación do contrato de acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira).

Procédese á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de economía, facenda, persoal, contratación e modernización da Administración local de data 14/07/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 17/07/2023, relativo ao desestimento do procedemento de adxudicación do contrato de Acondicionamento de camiño agrícola en Requesende (Sabugueira), no que se refire ao parágrafo segundo de cancelación de aval e taxa de formalización, e en virtude do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, procede a subsanación, tanto na proposta como no acordo, de xeito que:

Onde di: Segundo: Cancelar o aval constituído en concepto de garantía definitiva e taxa de formalización do contrato. Os importes correspóndense co seguinte:

- Aval – 2.307,33 €. Entidade avalista: ABANCA. Núm. operación: 320210004742.
- Taxa de formalización do contrato: 160,42 € (ingresada na conta do Concello).

Debe dicir: Segundo: Cancelar o aval constituído en concepto de garantía definitiva e taxa de formalización do contrato. Os importes correspóndense co seguinte:

- Aval – 2.307,33 €. Entidade avalista: ABANCA. Constituído por BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L. EXP 2021/47474Z “Acondicionamento camiño agrícola en Requesende”. (Nº operación: 3202100004742).
- Taxa de formalización do contrato: 160,42 € (ingresada na conta do Concello), que deberá ingresarse na conta de BCNOR GESTION Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00031276T.

Devolución da fianza constituída pola empresa, AQUAGEST, S.A para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización de beirarrúas en Meixonfrío (FIL 2009)”.Expte. 15/09.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, AQUAGEST, S.A.” por importe de 20.328,14 euros (Avalista: La Caja de Ahorros y Pensiones de Barcelona (La Caixa), para responder do contrato de “Execución das obras de reurbanización de beirarrúas en Meixonfrío (FIL 2009)”.Expte. 15/09

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2023/00030021X.

Aprobación do expediente de contratación das obras de reforma da Praza de Abastos. Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación das Obras de Reforma da Praza de Abastos cun orzamento base de licitación de 518.710,53 € (base imponible de 428.689,39 € máis IVE do 21% de 90.024,14 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto simplificado de adxudicación, de acordo co artigo 159 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 518.710,53 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 33600 6320001 (Código de proxecto: 2 RLTOU 46 1)

10. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00019507F.

Aprobación do texto do conveio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Performa Sociedade Cooperativa Galega.

Apróbase o texto do convenio e a concesión da subvención directa a Performa Sociedade Cooperativa Galega, e o gasto por importe de 50.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890008, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións

11. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00030886R.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural O Galo.

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación Cultural O Galo por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890001, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

12. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00022151Y.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Cultural Cidade Vella para a anualidade 2023.

Apróbase o texto do convenio e a concesión directa da subvención á Asociación Cultural Cidade Vella por importe de 20.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890006, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto

13. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2023/00028667J.

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e os Cursos Universitarios Internacionais de “Música en Compostela” para a anualidade 2023.

Apróbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención a Cursos Universitarios de “Musica en Compostela” por importe de 5.000 €, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890007, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto

14. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: 2023/00014626W.

Revisión das tarifas do Tanatorio Municipal de Boisaca para o ano 2023.

Acórdase:

Aprobar a actualización das tarifas do servizo do tanatorio municipal de Boisaca consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos e recollido na seguinte táboa, supoñendo unha suba do IPC dun 5,70 % con respecto ás tarifas vixentes aprobadas en xuño de 2022:

	TARIFAS 2022 (sen IVE)		TARIFAS 2023 (sen IVE)	
	PROPOSTA	EXACTA	PROPOSTA	EXACTA
<u>TANATORIO E CAMAS:</u>				
TANATOSALA	450,061	450	475,714	476
CÁMARA	65,069	65	68,777	69
50% TANATOSALA	225,031	225	237,858	238

CAPELA ARDENTE MOD. 1	277,900	278	293,740	294
CAPELA ARDENTE MOD 2	103,026	103	108,898	109
<u>CONSERVACIÓN/ EMBALSAMAMENTO:</u>				
ACONDICIONAMENTO	86,759	87	91,704	92
SALA DE EMBALSAM. SERV. INTERNO	51,513	52	54,450	54
SALA DE EMBALSAM. SERV. EXTERNO	223,675	224	236,424	236
<u>TRASLADOS:</u>				
FUNDA DE LONA	89,470	89	94,570	95
FILTRO DEPURADOR DE GASES	42,024	42	44,419	44
SOLDADURA/ PRECINTO	43,379	43	45,852	46
<u>CREMATORIO:</u>				
CREMACIÓN	330,768	331	349,622	350
CREMACIÓN RESTOS	ANULADA		ANULADA	
<u>URNAS:</u>				
URNA DE MADEIRA	280,610	281	296,605	297
URNA DE ALABASTRO	280,610	281	296,605	297
URNA DE BRONCE MOD. 5	334,834	335	353,920	354
URNA DE BRONCE MOD. 3	397,192	397	419,832	420
URNA DE BRONCE MOD. 8	455,483	455	481,446	481
URNA DE CRISTAL	512,419	512	541,627	542
URNA DE LATÓN	98,960	99	104,600	105
MEDIAS URNAS DE LATÓN	61,003	61	64,480	64
URNA BÁSICA CERÁMICA	NON INCLUIDOS NO PREGO		NON INCLUIDOS NO PREGO	
URNA BIODEGRADABLE BÁSICA				
URNA BIODEGRADABLE PREMIUM				
EXPOSITOR CRISTAL CON SOPORTE MOD. 1	65,069	65	68,777	69
EXPOSITOR CRISTAL CON SOPORTE MOD. 2	61,003	61	64,480	64
<u>VARIOS:</u>				

CAPELA/ FUNERAL	140,983	141	149,019	149
LIBRO DE SINATURAS Nº 1	70,492	70	74,510	75
LIBRO DE SINATURAS Nº 2	18,979	19	20,060	20
RECLINATORIO	16,267	16	17,194	17
HABITO	31,178	31	32,956	33
SABANA/ SUDARIO	21,689	22	22,925	23
SABANA/ SUDARIO ESPECIAL	44,735	45	47,285	47
SPRAY DESINFECTANTE	10,845	11	11,463	11
HORA ADICIONAL A PARTIRES DAS 24 HORAS NA TANATOSALA	27,113	27	28,658	29

15. COMERCIO. Referencia: **2023/00025103Z.**

[Aprobación da concesión de axudas ao abeiro da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2023.]

Apróbase a concesión das seguintes axudas polos importes e ás entidades que seguen, por un total de 85.000 euros.

ENTIDADE	IMPORTE (EUROS)
Fundación Santiago Centro Área Comercial	19.268,88
Asociación de empresarios e profesionais Compostela Monumental	24.567,49
Asociación Punto Compostela CCA	20.426,46
Asociación Em-Rede. Rede de iniciativas empresariais de Santiago e comarca	4.174,20
Asociación de artesáns e comerciantes Ourives de Compostela	16.562,97

16. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: **2022/00036875Z.**

[Convalidación omisión función interventora, recoñecemento de obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares do mes de maio e xuño do 2023, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023.]

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas e aprobación de xustificacións das bolsas de comedor escolar e realización de actividades extraescolares do mes de maio e xuño do 2023, do Concello de Santiago de Compostela, para o curso 2022-2023 e do seu pagamento, que irán con cargo á aplicación orzamentaria 020 23100 480010100/2023

Bolsas de comedor escolar:

Importe maio: 41.850 euros

Importe xuño: 36.206,50 euros

Bolsas de actividades extraescolares:

Importe maio: 10.942 euros

Importe xuño: 5.851 euros

17. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00017378V.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental, de data 21/07/2023, para o financiamento do *Programa AGORA*.]

Apróbase o texto do convenio de colaboración para o ano 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e a entidade: Asociación Itínera de Voluntarios en Saúde Mental pola contía de 5.000,00 € e a retención de crédito polo importe anterior, con cargo á aplicación orzamentaria 020-23100-4800002, reflectida no apartado de subvencións nominativas das bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33 e Anexo ao estado de Gastos dos Capítulos IV e VII)),-Orzamentos con vixencia prorrogada para o ano 2023- e por Acordo do Pleno Municipal de 9 de Marzo de 2023 favorable a aprobación de subvencións nominativas do exercicio 2023

18. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00015676V.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela, de data 02/08/2023, para o financiamento do "*Programa de Atención Bucodental a persoas en risco de exclusión social*".]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Universidade de Santiago de Compostela de data 02/08/2023 para o financiamento do "Programa de Atención Bucodental a persoas en risco de exclusión social" pola contía de DEZ MIL EUROS (10.000 €).

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00023946F.

[Tomar coñecemento da sinatura do convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM), de data 21/07/2023.]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple (ACEM) de data 21/07/2023 para o financiamento do "Programa de Fisioterapia para persoas con esclerose múltiple, párkinson e ELA" pola contía de NOVE MIL EUROS (9.000 €).

20. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00024207S.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA, de data 21/07/2023, para o financiamento do "*Programa de Terapia Acuática*".]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación de Dano Cerebral de Compostela SARELA de data

21/07/2023 para o financiamento do “Programa de Terapia Acuática” pola contía de TRES MIL EUROS (3.000 €).

21. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027432C.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela, de data 31/07/2023.]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e o Ilustre Colexio da Avogacía de Santiago de Compostela de data 31/07/2023 para o financiamento da “Quenda de letrados/as especializados/as en Dereito Administrativo e Laboral para prestar asistencia e asesoramento xurídico na vía previa administrativa e laboral” pola contía de DOUS MIL EUROS (2.000,00 €).

22. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027312S.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española, de data 02/08/2023, para o financiamento dos Programas: 1. “Teleasistencia 2. Programa de Atención a persoas sen fogar”.]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cruz Roja Española de data 02/08/2023 para o financiamento dos Programas:

1. “Teleasistencia
2. Programa de Atención a persoas sen fogar”

pola contía de OITENTA E CINCO MIL EUROS (85.000,00 €).

23. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00030423K.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales, de data 03/08/2023.]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Andrea de Apoyo a los Niños con Enfermedades de Larga Duración, Crónicas o Terminales de data 03/08/2023 para o financiamento do “Programa de tratamento psicoterapéutico para as familias con fillos/as con enfermidades de longa duración, crónicas ou terminais ” pola contía de TRES MIL EUROS (3.000,00 €).

24. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00017697Z.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación “Fonte da Virxe” de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais, de data 21/07/2023.]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación “Fonte da Virxe” de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais de data 21/07/2023 para o financiamento do “Programa de Respiro Familiar, Ocio e Benestar” pola contía de TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €).

25. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027316L.

[Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escola de Tempo Libre Don Bosco, de data 21/07/2023.]

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Escuela de Tiempo Libre Don Bosco de data 21/07/2023 para o financiamento do “Proxecto de Intervención educativa e integración no tempo libre: “Un

lugar para ti” pola contía de CINCO MIL EUROS (5.000 €).

26. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027323A.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEAFES GALICIA), de data 21/07/2023.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Federación de Asociacións de Familiares e Persoas con Enfermidade Mental de Galicia (Saúde Mental FEAFES GALICIA) de data 21/07/2023 para o financiamento do “Programa de Atención a persoas con enfermidade mental crónica e persoas sen fogar ou en grave risco de exclusión”. pola contía de SESENTA MIL EUROS (60.000 euro).

27. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027343T.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela, de data 31/07/2023.

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Down Compostela de data 31/07/2023 para o financiamento do “Proxecto de Vida Independente: “Esto é Vida” pola contía de DEZ MIL EUROS (10.000,00 €).

28. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00027426Z.

Dar conta da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Secretariado Gitano de data 03/08/2023

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Secretariado Gitano de data 03/08/2023 para o financiamento do “Programa Promociona Ayuntamiento Santiago. Curso 22-23 (23)” pola contía de VINTE TRES MIL EUROS (23.000,00 €).

29. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2023/00025748S.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela, de data 21/07/2023

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela de data 21/07/2023 para o financiamento de:

1. “Programa Atención Primaria Interparroquial Santiago.
2. Programa Alares de Inclusión Residencia.- Liña de Vivendas de Transición á Autonomía”

pola contía de CENTO VINTE MIL EUROS (120.000,00 €).

30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00033465G.

Tomar coñecemento da sentenza recaída no procedemento PA 18/2022 Penal 2.

Tómase coñecemento da resolución xudicial e remítese ao Departamento de Vicesecretaría e ao de Servizos Básicos comunitarios para os efectos do seu coñecemento.

31. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2023/00033883P.

Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas

Tómase coñecemento das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas dende o

28 de xullo de 2023 ata o 7 de agosto de 2023.

URXENCIAS

- Aprobación provisional do Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a Plataforma Loxística.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar provisionalmente o Plan especial de infraestruturas e dotacións (PEID) para a creación dunha plataforma loxística de intercambio de mercadorías no sistema xeral SU-3 segundo o documento presentado pola asistencia técnica Alfonso Botana S.L, de data 4 de agosto de 2023, que introduce as correccións solicitadas no Informe previo emitido pola Dirección xeral de Ordenación do territorio e urbanismo con data 28 de xullo de 2023.

Segundo. Remitir o dito documento provisionalmente aprobado a novo informe da Dirección Xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo.

- Aprobación do expediente de contratación dos servizos de redacción de proxecto e dirección facultativa da obra Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación do Servizo de Asistencia Técnica para a Redacción de Proxecto e Dirección Facultativa da "Rehabilitación integral do complexo deportivo de Santa Isabel", cun orzamento base de licitación de 353.131,99 € (base imponible de 291.844,62 € máis IVE do 21% de 61.287,37 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de 353.131,99 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 060 93302 6320002 (Código de proxecto: 2023 2 NGPAV 2 2).

Este contrato está financiado polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) así coma polo Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP).

Así mesmo, ao estar o contrato financiado por fondos Next Generation, aprobose a declaración de ausencia de intereses (DACI) dos membros da XGL.